



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DÍA 24 DE MAIO DO 2011.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día vinte e catro de maio do dous mil once; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Dona Manuela Iglesias Collarte, Don José Ignacio Gómez Pérez e Don Anxo Collarte Pérez. Non asiste Don Emilio J. Cuiñas Otero.

Está presente o Secretario do Concello, Don Pablo Portela Fernández.
Está presente o Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 9 de maio do dous mil once (Ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

EXPEDIENTE RIB/S/218.1/07.-

Visto o escrito de Dona M^a Begoña Barreiro Miranda, onde solicita Licenza de Obras para derrube de estrutura de vivenda unifamiliar, segundo “Proyecto de Derribo de Estructura de vivienda unifamiliar” que se presenta.

Visto o informe da arquitecta Dona Mercedes Álvarez López de data 16.05.11 no que se fan as seguintes consideracións:

“O citado “Proxecto de Derrube de estrutura de vivenda unifamiliar” está redactado pola arquitecta D. María Cristina Sabariz Rúa e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data de 24 de marzo de 2011.

A edificación presenta fachada principal, de planta baixa e tres plantas altas, cara á rúa San Martiño; con paramento de pedra agás na planta terceira que é de fábrica de ladrillo. Balcón corrido en planta segunda con beiril de pedra e varanda metálica. Interiormente, estrutura de pórticos de formigón armado con forxados de viguetas de formigón e bovedilla cerámica, todo elo en deficiente estado de conservación.



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

As obras a realizar comprenden a eliminación da estrutura interior e dos cerramentos da planta terceira, coa finalidade de executar posteriormente a rehabilitación da edificación para unha vivenda unifamiliar, segundo Proxecto Técnico independente que se acompaña.

RESPECTO DO CUMPRIMENTO DA NORMATIVA URBANÍSTICA VIXENTE:

Dado que a edificación está incluída dentro da delimitación do Casco Histórico de Ribadavia, son de aplicación as Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal e o Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Antigo (P.E.P.R.I.).

** CLASIFICACIÓN URBANÍSTICA:*

A edificación inclúese dentro do Solo Urbano Consolidado do núcleo urbano de Ribadavia.

** GRADO DE PROTECCIÓN*

A edificación está contemplada con Grado de Protección Ambiental polo P.E.P.R.I.

As obras a realizar inclúense dentro das permitidas polo artigo 21 do P.E.P.R.I., no que se permiten as obras de demolición “cando as condicións de habitabilidade ou estabilidade o aconsellen e así o aprecie a ficha do edificio, conservando sempre a fachada obxecto da súa protección e medianeiras” e na Ficha Particular do Catálogo do P.E.P.R.I. sinalase: “Demolerase a planta en ampliación”.

Cúmprese ademais o sinalado no seguinte artigo das Ordenanzas do P.E.P.R.I.:

Artigo 13: Prohibición de demolicións

Os edificios afectados por Normativa de Protección e incluídos en Catálogo nos diferentes niveis, non poderán ser demolidos baixo ningún concepto, debendo manterse as fachadas obxecto de protección durante a execución da obra mediante recalzado ou calquera outro sistema de consolidación.

Nos edificios protexidos só se permitirá a demolición de elementos desconformes e distorsionadores e cando súa ficha o autorice.

Os edificios que se declaren ou pretendan ser declarados ruína, deberán atenderse ó sinalado para estes casos na Lei de Patrimonio Cultural de Galicia.

Cando se derrubase, total ou parcialmente, un edificio afectado pola Normativa de Protección e incluído no Catálogo, sen licenza ou orden de execución ou sen axustar ás súas condicións, a propiedade do inmovible e quen executasen materialmente o derribo, será obrigado solidariamente a súa reconstrución, sen prexuízo da imposición das sancións económicas pertinentes, conforme a lexislación vixente.

Xa que as obras de derrubo, eliminación da estrutura interior e dos cerramentos da planta terceira, afectan á elementos distorsionadores e desconformes coa normativa, manténdose á fachada principal nas plantas obxecto de protección e as fachadas medianeiras.



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

A documentación técnica presentada da resposta ó requirido pola Comisión de Seguimento do P.E.P.R.I. de data de 3 de febreiro de 2011.

En base a todo o exposto anteriormente infórmase favorablemente á concesión da Licenza de Obras solicitada”.

Visto o Informe Xurídico de data 20 de maio do 2011 no que se conclue o seguinte:

“Este é o parecer non vencellante do informante do que o seu carácter favorable se supedita ao cumprimento das condicións reflectidas no correspondente informe técnico en canto a prohibición de derrube de determinados elementos”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda outorgamento da licenza para derrube de estrutura de vivenda unifamiliar.

1.- Condicións xerais:

En todo caso é de ter en conta que as licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.

A licenza concédese con independencia doutro tipo de Autorizacións administrativas que foran procedentes.

De coñecerse o destino do local e tratarse este do exercicio dunha actividade sometida ó deber de previa obtención de licenza de apertura, por imperativo do disposto no art. 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, en todo caso subordínase expresamente a concesión da licenza urbanística á obtención da correspondente licenza de apertura, de xeito que, se non se chegara a obter esta a anterior entenderíase non concedida. Xa que logo, a eficacia da licenza de obras condiciónase nestes casos á obtención da licenza de apertura preceptiva, non podendo comezarse as obras ata a concesión desta última.

Unha vez rematadas as obras deberá obterse a licenza de primeira ocupación so pena da posibilidade de incoación de expediente de reposición de legalidade urbanística.

En lugar ben visible da obra colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente. Colocarase por seguridade un valo protector.

Penalización: o incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 209 e ss. da Lei 9/2002), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

2.- Condicións particulares:

Finalidade da actuación e uso ó que se destinará: derrube de estrutura de vivenda unifamiliar.

Contía na que se orzan as obras: 9.066,04 €.

Situación e emprazamento das obras: Rúa San Martiño nº 4

Redactor do proxecto e dirección execución material das obras: Dona Maria Cristina Sabariz Rua.

Nome ou razón social do promotor: Dona M^a. Begoña Barreiro Miranda.

Prazos: O prazo de inicio das obras é dun (1) mes e o prazo de remate de un (1) ano, a contar dende o día seguinte ó de notificación da concesión da licenza de obras.

Liquidación do ICIO: A licenza non terá validez sen o previo aboamento dos dereitos municipais que constan na liquidación do Sr. Interventor. Visto o orzamento estimado que figura no informe técnico e que ascende a 9.066,04 euros, practícase liquidación complementaria polo Sr. Interventor aos efectos do Imposto de Construcións, Intalacións e Obras por importe de 235,72€ a ingresar.

Importe execución material / coste da obra:	9.066,04 €
Importe do ICIO, 2,6% do apartado anterior (mín. 42€):	235,72 €
Aboado por autoliquidación:	0,00 €
Cantidade que deberá aboar adicionalmente:	235,72 €

Outras condicións: As obras deberán axustarse o proxecto e documentación anexa aportada o expediente. O promotor da intervención ten a obriga de comunicar, coa debida antelación, o inicio das obras de demolición interior, para que se poida programar dende a oficina do PEPRI o oportuno seguimento das obras.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1. Escrito do Arqueólogo Don Manuel Garcia Valdeiras relativo a memoria técnica sobre o control arqueolóxico das obras de consolidación no Castelo do Sarmiento de Ribadavia Fase 2010.
2. Escritos da empresa Aqualia Gestión Integral del Agua S.A. con datas RE 13 de maio de 2011 N° RE 2426 e 2427, no que solicita a revisión do custo unitario, periodo Setembro 2007-Setembro 2008 e periodo Setembro 2008-Setembro 2009.

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos mesmos e por unanimidade acorda se pase os servicos de Intervención e Tesourería para o seu informe previa a aprobación, se procede, polo órgano municipal competente.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

INFORMACIÓN URBANÍSTICA.-

1.- “Solicitud de información urbanística interesada por **Don Manuel Duran Rodriguez**, con domicilio a efectos de notificación en Saa nº 50, Cenlle, con número de rexistro de entrada 1676. A proposta da Concelleira Delegada de urbanismo Dona Manuela Iglesias Collarte, e visto o correspondente informe técnico de data 13.05.11.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus asistentes aprobou a información urbanística que se contén naquel, sobre o lugar sito na Carretera N-120, As Chavolas, Poligono 28 Parcela 1278 (Ref. Catastral 32070A028012780000YT), a solicitude de **Don Manuel Duran Rodriguez**, de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.”

2.- “Solicitud de información urbanística interesada por **Don Jesus Bernal Touza**, con domicilio a efectos de notificación na Rúa Banda la Lira nº 8, Ribadavia, con número de rexistro de entrada 1911. A proposta da Concelleira Delegada de urbanismo Dona Manuela Iglesias Collarte, e visto o correspondente informe técnico de data 19.05.11.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus asistentes aprobou a información urbanística que se contén naquel, sobre o lugar sito na Rúa de Abaixo nº 30, Sampaio (Ref. Catastral 2636205NG7823N0001YX), a solicitude de **Don Jesus Bernal Touza**, de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.”

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1. Escrito da Conselleria de Educación e Ordenación Universitaria con data RE 11 de maio do 2011 N° RE 2383, comunicando o importe da axuda para escola de música, curso 2011, por importe de 1.3145,12 €.
2. Escrito da Conselleria de Educación e Ordenación Universitaria con data RE 11 de maio do 2011 N° RE 2382, comunicando o importe da axuda para conservatorio de música, curso 2011, por importe de 3.488,05 €.
3. Escrito da Conselleria de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras con data RE 18 de maio do 2011 RE N° 2483, relativo ó reaxuste dos importes das anualidades da axuda concedida.
4. Escrito da Conselleria de Presidencia, Administracions Publicas e Xustiza, Direccion Xeral de Emerxencias e Interior con data RE 19 de maio do 2011 RE N° 2510, relativo a o arquivo da Acta de cesion en propiedade de material de emerxencias a favor desa AVPC.
5. Escrito da Conselleria de Medio Rural con data RE 11 de maio de 2011 N° RE 2384, comunicando a imposibilidade de ocupación de terreos privados na execución da obra denominada “Afirmado de camiños de Francelos”, polo que ancho do camiño



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

na zona de non cesión polo propietario será de 2 metros, acandando o resto 3 metros tal como establece o proxecto.

6. Comunicacion do Tribunal Superior de Justicia de Galicia, Sala de lo Contencioso Administrativo con data RE 18 de maio do 2011 RE N° 2487, relativo a imposición de multa.

Deliberado sobre o particular a Xunta de Goberno Local trala recepción do escrito de data 7 de febreiro do 2011, mediante a que realizou pagos parciais da débeda acorda por unanimidade dos asistentes realizar as actuacións necesarias para o pago da débeda, solicitando o departamento de intervención o estudo das posibilidades de proceder ao pago.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

APROBACIÓN DE BASES DE SELECCIÓN DE PROFESOR/A CURSO AXUDANTE TÉCNICO EN PROTECCIÓN CIVIL.-

Dase conta por parte do Secretario da proposta de alcaldía de data 20.05.2011 relativa a aprobación dunhas bases para selección de persoal para cubrir tres prazas de PROFESOR/A CURSO AXUDANTE TÉCNICO EN PROTECCIÓN CIVIL.

No expediente constan os seguintes elementos:

- 1º.- Bases de selección asinadas polo Alcalde en data de 20.05.2011.
- 2º.- Informe de intervención de data 24.05.2011.
- 3º.- Informe xurídico de data 20.05.2011.

A Xunta de Goberno Local deliberado sobre o particular acorda por unanimidade dos seus asistentes proceder a aprobación e convocatoria das Bases de selección de persoal laboral temporal para cubrir tres prazas de PROFESOR/A CURSO AXUDANTE TÉCNICO EN PROTECCIÓN CIVIL.

APROBACIÓN DE PREGO DE PRESCRIPCIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACION DO SUMINISTRO DE PRODUCTOS QUÍMICOS E OUTROS PARA AS PISCINAS DE XESTION DIRECTA DO CONCELLO DE RIBADAVIA.-

Por parte do Concelleiro de Cultura dase conta da proposta relativa a aprobación de contrato de suministro de produtos químicos e outros para asa piscinas de xestion directa do Concello de Ribadavia por importe de 2.500 € iva incluído.

No expediente constan os seguinte elementos:

1. Prego de clausulas administrativas de data 29.04.2011.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

2. Informe de Intervención de data 24.05.2011.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda os seguintes acordos:

1. Aprobar o prego de clausulas econominico administrativas.
2. Aprobar un gasto por 2.500 €.

XERACIÓN DE CRÉDITOS Nº1/11.-

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta aprobación o Expediente de xeración de créditos nº1 /11, por importe de 237.326,28 euros con cargo a compromisos firmes doutras Administracións Públicas para financiar gastos que pola natureza son competencia desta Administración Municipal”.

SOLICITUDE DE SUBVENCIONS.-

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, o abeiro da Resolución do 27 de abril de 2011, pola que se regula a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a Concellos, mancomunidades de Concellos e Consorcios locais para a realización de programas destinados a favorecer os procesos de acollida e integración da poboación inmigrante extracomunitaria na Comunidade Autónoma Galega, acorda acollerse a devandita Resolución e solicitar a correspondente subvención a Consellería de Presidencia, Administración Pública e Xustiza”.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.